



Datos Do Expediente:

ESTADO DA DÉBEDA	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/2024/195	TES18I01ZH
550Q 1K2F 532C 6B53 1AWU	

MEMORIA DA TESOURERÍA XUSTIFATIVA DO CONTRATO

Unidade Xestora	Tesourería municipal
Obxecto do contrato	Concertación de préstamo 2024
Tipo de contrato	Privado. CPV 66113000-5 Servizos de concesión de crédito
Tramitación	Ordinaria- procedemento aberto
Órgano de contratación	Alcaldía
Aplicación orzamentaria	011/31000 011/91300
Orzamento de licitación	1.009.136,08 €
Duración	11 anos (10+1)
Prórroga	Non

O artigo 1.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), establece entre as esixencias que se impoñen á contratación do sector público a “...**exigencia de la definición previa de las necesidades a satisfacer...**”; por outro lado, o artigo 28.1 LCSP vincula a celebración de contratos ao cumprimento e realización dos fins institucionais propios dos entes do sector público que os celebran, a tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas deben ser determinadas con precisión.

1.OBXETO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a concertación dunha operación de préstamo, con previa apertura de crédito, destinada ao financiamento de investimentos incluídos no orzamento xeral do concello para 2024, aprobado definitivamente en Pleno o 12 de abril de 2024, por importe de 1.009.136,08 € e cuxa entrada en vigor produciuse o 15.05.2024.

As características da operación son as seguintes:

- Modalidade: Préstamo, con tramo de carencia de 1 ano no que o Concello poderá dispor dos fondos.
- Importe: 1.009.136,08 €.
- Prazo: Total 11 anos dividido en dous tramos.
 - 1º Tramo de dispoñibilidade e carencia: 1 ano
 - 2º Tramo de amortización do importe disposto: 10 anos
- Forma de amortización, cotas e vencementos:
 - 40 Cotas de amortización trimestrais iguais e constantes (sistema francés)
 - Vencementos o último día de cada trimestre natural.
 - Cláusula obrigatoria de amortización anticipada total ou parcial sen custo.
- Tipo de xuro: EURIBOR a tres meses máis un incremento fixo a determinar na oferta da Entidade Financeira. O TAE resultante deberá cumprir con prudencia financeira.
- Liquidación de xuros: Trimestral con cálculo en días naturais e base de 365
- Comisións: Exento de comisións

- Gastos de formalización: a conta do adxudicatario
- Fianzas: Dada a natureza do contrato non se esixe fianza algunha ó contratista.
- Garantías municipais: Dada a solvencia económica municipal non se ofrece garantía alguna .
- Xuros de mora: máximo o 2%

2. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

- Orzamento Base de licitación: Correspóndese co importe do préstamo e ascende a 1.009.136,08 €.
- Valor estimado do contrato: Está determinado pola suma dos honorarios, comisións, xuros e outras formas de remuneración. Neste contrato de préstamo non existe máis remuneración que os xuros.

3. XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO E NECESIDADE A SATISFACER

En virtude da solicitude recibida da Alcaldía, iníciase a tramitación para a contratación dunha operación de préstamo destinada a financiar os investimentos previstos no orzamento xeral do concello para 2024, aprobado definitivamente en Pleno o 12 de abril de 2024, por importe de 1.009.136,08 €.

En virtude a O artigo 2.1 f) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das acendas Locais (TRLRFL en adiante) prevé como recurso da Facenda Local *“el producto de las operaciones de crédito”*.

No artigo 50 do TRLRFL establécese que concertación de calquera das modalidades de crédito previstas nesta lei require que a corporación dispoña do orzamento aprobado para o exercicio en curso, extremo que deberá ser xustificado no momento de subscribir o contrato, póliza ou documento no que se soporte a operación.

Este recurso é asumible polo Concello dentro dos límites impostos pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF, en adiante).

O presente contrato, de carácter privado e excluído expresamente do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en adiante), de conformidade co disposto no artigo 10 da mesma.

Para garantir os principios que se proclaman no artigo 1 da LCSP sobre a liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, e asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, o principio de integridade e eficiente utilización dos fondos públicos, rexerese, en canto á súa preparación e adxudicación polos principios do devandito texto legal e polo prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. En canto aos seus efectos e extinción o contrato rexerese polas normas de Dereito Civil e Mercantil aplicables.

Por outra banda, en canto á elaboración dos pregos e determinación do prezo, deben terse en conta as prescricións dp artigo 48 bis do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) e o Principio de prudencia financeira regulado na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, así como as resolucións mensuais que actualizan o Anexo I.

4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO

O procedemento de contratación escollido é o procedemento aberto a teor do previsto no artigo 131 en relación co 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Dada a configuración do contrato non se considera que existan criterios sociais e medioambientais incorporables ó contrato que teñan relación co mesmo.



A contratación a realizar califícase como contrato excluído conforme a LCSP, a cal dispón que se regularán pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións da presente Lei. Neste senso, a lexislación específica é a vixente en materia de Facendas Locais, Estabilidade Presupostaria e con especial referencia ás Resolucións emitidas en materia de Prudencia Financeira, que o contrato deberá cumprir.

O contrato enmárcase nunha actuación económica regulada e tutelada polo Banco de España e o Banco Central Europeo. Deste xeito, a mellor relación calidade prezo da prestación que proporcionará a maior e mellor eficacia, eficiencia e economía sobre os fondos públicos, e o único valor a considerar é o prezo, neste caso o menor coste derivado do diferencial máis baixo.

5. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O importe da operación está dentro dos límites de débeda previstos na LOEPSF e cumpre os requisitos previstos nos artigos 50 a 55 TRLHL e na Disposición Final Trixésimo primeira da Lei 17/2012 de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 con efectos desde 1 de xaneiro de 2013 e de vixencia indefinida.

6. ANÁLISE ECONÓMICO.

Como se apuntou, a concertación do préstamo aparece prevista na aprobación definitiva do Presuposto Xeral do Concello de Narón para o exercizo 2024, e en canto as cantidades a abonar require a dotación de crédito durante o exercizo no Capítulo 3 de gastos ao tratarse dunha póliza de disposición gradual no período de un ano dende a data de formalización do contrato. Nos orzamentos futuros, e unha vez rematado o período de carencia, deberá de dotarse o crédito necesario para facer fronte aos custos de amortización e xuros da operación crediticia.